




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vilaboa. Parroquias: Santo André de Figueirido ao norte, e San Martiño de Vilaboa ao sur. Extensión: 9,31 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esteiro de grande amplitude continental situado ao oeste da Punta do Castelo, que forma na súa parte interna unha área de sedimentación fluvio-mariña con depósitos finos propios das chairas intermareais. Nas marxes da chaira localízanse áreas de marisma que entran en contacto con espazos ribeiráns hidromorfos na desembocadura dos ríos que alimentan o esteiro, principalmente os arrosios do Villil e Tuimil. A prolongación interior da unidade realízase a través dun val fluvial de fondo plano polo que discorren pequenas canles e no que se acumulan materiais aluviais e coluvial. A pendente incrementábase progresivamente cara á cabeceira da cunca delimitada por unha serie de elevacións que dan ao relevo un aspecto ondulado característico do modelado granítico.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Como é común nas zonas de esteiros, no Esteiro de Vilaboa existe unha ampla zona ocupada polos depósitos de marisma do cuaternario, resultado en parte, das achegas sedimentarias dos ríos que desembocan nel, e en cuxos vales se recoñecen tamén zonas de depósitos coluvio-aluviais. O resto da unidade pertence ao dominio das rochas graníticas de feldepató alcalino.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de ambiente climático en xeral Cálido e Húmido, no que a temperatura media anual supera os 14° C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións acumuladas sitúanse no rango de 1200 mm a 1400 mm ao ano agás na parte alta da vertente occidental onde son superiores, aumentando progresivamente coa altitude ata alcanzar os 1800 mm ao redor do alto do Picoto (dominio Cálido-Moi Húmido).

OS SOLOS

Na parte interna do esteiro teñen grande importancia os incipientes solos costeiros relacionados co rango mareal e a dinámica sedimentaria fluvio-mariña. Destaca o solo lamacento tipo sapropel e os estadios evolutivos posteriores asociados ás áreas de marisma, tipos fluvisol sálico e tiónico, especialmente nos sectores das Salinas e A Xunqueira. O val, chaira na súa parte baixa, favorece a formación de solos evolucionados e profundos nuns casos asociados ás ribeiras dos ríos, fluvisols hápticos e noutros ás vertentes baixas, tipo cambisol dístrico-úmbrico con importancia do horizonte mineral. Os extremos oriental e occidental presentan aliñacións montañosas que enmarcan a unidade e nelas os solos alcanzan menos desenvolvemento porque a pendente se incrementa e ralentiza a edafoxénese. O espazo está ocupado principalmente por umbrisoles dístricos e regosoles de cabeceira tal e como se pode observar no Outeiro dos Asubiños ao oeste e no Alto das Cavadas ao leste.


AS AUGAS

Nesta parte do fondo da Enseada de San Simón orixínase unha pequena área de esteiros derivada do contacto das Augas de Transición 20472 e as achegas fluviais dos arrosios de Villil e Tuimil. O primeiro procede dos relevos do sueste, mentres que o segundo adquire un maior desenvolvemento continental ao provir dos relevos máis afastados do norte. No seu transcurso, o río Tuimil recibe, pola marxe dereita, as achegas dos regueiros de Sidral, da Cova e das Veigas; e os arrosios de Bois, do Barco e de Tomeza, pola esquerda.

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa, marismas, intermareal e submareal incluídos no LIC Enseada de San Simón. Trátase do fondo dun esteiro no que destacan tanto os bancos lamacentos e/ou areosos intermareais e submareais superficiais (1110 e 1140), como amplas extensións de marisma (grupo 13, unhas 11 ha). Os acantilados baixos no extremo oriental da unidade non desenvolven ben o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, dada a modificación da cobertura vexetal acompañante. Cara ao interior, a horizontalidade ou suave concavidade existente entre as elevacións costeiras que complican o relevo, ademais dos ríos Sidral e Tuimil permiten, por un lado, que a hidromorfía desenvolva masas ripícolas máis ou menos puras (91E0), outras mixtas mesturadas con eucaliptais e, por último, outras cuxa orixe é a recolonización aproveitando certo grao de encharcamento ou saturación hídrica edáfica estacional e o abandono das actividades agrarias.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio de uso agrícola do solo nas partes baixas do val que conforman os regos de Villil e Tuimil, cunha continuidade interrompida bruscamente pola autoestrada AP-9. Nos leitos dos ríos, ao longo da liña de costa e en pequenas agrupacións illadas aparecen masas arbóreas de considerable porte (tanto de vexetación de ribeira como de vexetación mixta). Usos residenciais relativamente pequenos e compactos distribúense tamén no val, especialmente a media ladeira no extremo sueste e ao longo da vertente oeste do val. A partir dos 125 metros sobre o nivel do mar, nas ladeiras dos montes que delimitan a paisaxe polo oeste (Outeiros dos Asubiños), o solo dedícase á explotación forestal mediante plantacións mixtas de repoboación.

MORFOLOXÍA

Os núcleos máis importantes de orixe tradicional son Acuña (asentamento de entidade, de forte compoñente lineal, próximo á costa e situado aos pés do río Villil) e O Toural, cabeza parroquial situada no centro do val. Un rosario de casaríos tradicionais sucélese ao longo da ladeira oeste do val, a media pendente, aproximadamente a 125 metros sobre o nivel do mar, na cota a partir da cal se abandona o cultivo da terra e comeza a masa forestal continua. No extremo suroriental da unidade, descendendo cara ao mar pola ladeira sueste do Alto da Lapa, atópase un importante conxunto de vivendas de orixe tradicional e posterior crecemento recente, cunha estrutura policéntrica e notablemente dispersa, que socalcan o terreo para adaptarse á pendente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A construción das estradas nacionais N-550 e N-554, pola ladeira leste e o fondo do val respectivamente, supuxo a primeira alteración importante da estrutura tradicional viaria, baseada no acceso ás terras de cultivo das agramas mediante unha densa rede de pequenos camiños peonís, ao introducir novos patróns de comunicación dentro do propio ámbito. A posterior execución da autoestrada AP-9, que atravesa a unidade de norte a sur percorrendo o val pola súa parte máis baixa, significou unha barreira que segregou a vertente oeste do val en dúas partes que pasan a estar comunicada por conexións puntuais. A vía de ferrocarril tamén atravesa o ámbito, cun trazado practicamente paralelo ao da N-550 a media ladeira dos montes que polo leste delimitan a unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No núcleo de Toural rexístrase a igrexa parroquial de San Martiño de Vilaboa, de factura orixinal románica aínda que posteriormente moi reformada e ampliada (a salientar a importancia patrimonial do seu osario), así como a casa reitoral, dous cruceiros, un hórreo e unha fonte. Outros elementos patrimoniais catalogados son a igrexa parroquial, xunto coa súa respectiva casa reitoral, de Santo André de Figueirido. Destaca o Muíño de Mareas, tamén coñecido como Bancas de Casó, nas Salinas do Ulló, construción de muros de pedra na desembocadura do río Tuimil para a obtención de sal mariño. O Camiño de Santiago pasa polo extremo nororiental do ámbito, pola ladeira do Coto Loureiro, e aínda que non se interna realmente na paisaxe da unidade, dende esta posición obtense unha privilexiada percepción do conxunto do territorio. Destaca entre o patrimonio arqueolóxico o petroglifo de Pedra dos Mouros declarado Ben de Interese Cultural, a presenza das mámoas de Chan da Cruz e o túmulo megalítico de Chan de Castiñeiras.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe de esteiro no que as intervencións humanas introduciron cambios significativos na estrutura orixinal do territorio. Esta organizábase cun fondo de val cultivado que acollía os diferentes asentamentos de poboación ata unha cota aproximada de 125 metros sobre o nivel do mar, por enriba da cal se abandonaba o cultivo para dedicarse a usos forestais. Os usos do solo seguen primando sobre os labores agrícolas, con continuidade no fondo do val aínda que con presenza de bosquetes illados e vexetación de ribeira. Os asentamentos manteñen relativamente inalterados os núcleos orixinais, sen grandes crecementos que desvirtúen a súa estrutura e morfoloxía. A construción da autoestrada AP-9, que divide en dous a vertente oeste do val, interrompe esta estrutura histórica sobre a rede viaria tradicional, o que se traduce especialmente nunha maior dificultade para a comunicación transversal cara á costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

As maiores alteracións na dinámica da paisaxe veñen dadas pola construción da AP-9, que supón unha modificación nas relacións entre as diferentes partes do territorio xa que constitúe unha barreira física con repercusións funcionais. A pesar dos novos desenvolvementos impulsados polas infraestruturas de recente construción, de carácter disperso, o crecemento contemporáneo dos diferentes núcleos de poboación non foi especialmente intenso, e non introduciu modificacións significativas para alterar a súa estrutura ou morfoloxía. Este escaso desenvolvemento urbanístico tamén propiciou que o uso que siga primando do solo sexa o agrícola, que non se viu reducido pola presión de edificacións como acontece noutros lugares costeiros. Tamén destaca a conservación practicamente inalterada das masas boscosas do fondo do val, que continúan concentrándose maioritariamente na liña litoral e nas ribeiras das canles de auga.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Territorio de gran forza expresiva e personalidade, o que se demostra na súa capacidade para asimilar actuacións agresivas sen por iso sacrificar as súas características tradicionais. Conserva a estrutura territorial propia dos vales agrarios, na que as terras máis chás, fértiles e accesibles se reservan para labores agrarios e aquelas cotas altas, marcadas pola última liña de asentamentos de poboación, se relegan á explotación forestal. É especialmente interesante a resistencia que este territorio mantivo fronte a procesos de urbanización difusa que se estenden pola costa, resistindo mesmo a construción dunha infraestrutura tan potente como a autoestrada AP-9. Destaca, pola súa singularidade e valor patrimonial, a construción das Salinas do Uiló, particular exemplo de construción industrial tradicional e que chegou aos nosos días razoablemente ben conservada. Debido á pouca fronte litoral desta unidade, en comparación co seu importante desenvolvemento continental, o único punto da costa dende o que se pode obter unha panorámica máis ou menos completa do territorio é a Punta do Castelo, dende onde se abrangue o conxunto das salinas co fondo perspectivo que constitúe o val. Recordar que esta unidade vese dende o mirador de Cotorredondo no Concello de Vilaboa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



